

RAP PARA O MALGASTO FREAR

Con esta actividade traballamos:

Concienciación fronte ao malgasto de alimentos.
Responsabilidade fronte ao malgasto de alimentos.
Responsabilidade como consumidores.
Pautas para evitar tirar alimentos.
Realización dunha campaña informativa.
Os ODS 2, 12, 14 e 15.

Durará

Unha sesión

Necesitaremos:

Rap do conto "Esta historia é a pera" no anexo.

Ciclo: 2, 3

Consideracións previas:

É adecuado ler o conto "Esta historia é a pera" xa que enmarca esta actividade e a actividade de "Facendo campaña I", xa que ter o decálogo axudaría nesta actividade.

Ademais, sería interesante traballar previamente as actividades "Malgasto caseiro".

O traballado nesta, pode axudar na realización.

As seguintes ligazóns, teñen bases rítmicas para rap, que poden ser útiles para a actividade:

- <https://www.youtube.com/watch?v=Q0JWsvIewIA>
- <https://www.youtube.com/watch?v=kZU9YY1UDMQ>
- https://www.youtube.com/watch?v=6W_0fWzHgug
- <https://www.youtube.com/watch?v=1e66UhRY2Os>
- <https://www.youtube.com/watch?v=HHLgdUzU2Dc>

Desenvolvemento

En gran grupo, ler no alto o rap do Anexo. Dividir a letra entre os/as nenos/as e poñerlle música.

Repasar os decálogos que se elaboraron na actividade "Facendo campaña I".

Dividir a clase en grupos e pedir a cada grupo que compoñan o seu propio rap: deberán crear unha letra inspirada no traballado nos decálogos, engadíndolle unha base rítmica.

Poñer en común en clase todos os traballos interpretando cada grupo o seu rap. Ademais, sería moi interesante que se interpretasen en diversos lugares centro e que se puidesen interpretar nalgún dos Festivais que se realizan ao longo do curso escolar, para sensibilizar o resto do alumnado do centro.

Outra posibilidade é que estes raps se graven para poder difundilos a través das redes sociais no marco da Actividade "Creamos unha Campaña".

Rap para o malgasto frear

Ponlle música a este rap
para o malgasto frear.
Cada día, cheas de alimentos
teñen ese triste final.
Ademais dun malgasto,
é algo inxusto hai que frealo!
moitas persoas non se poden alimentar,
mentres nós non paramos de desperdiciar.

Antes da comida tirar,
pensa no dano que vas causar.

Litros de auga para regar cultivos
tractores expulsando gases nocivos
esa comida produciuse
e ti, non a comiches.
Sé responsable,
pensa nos e as demais,
e tamén o noso planeta
o agradecerá.

Antes da comida tirar,
pensa no dano que vas causar.

Antes da comida tirar,
pensa no dano que vas causar.